

TÁR

Todd Field, 2022

1063

ESTREA EN NUMAX: 03.02.2023 | V.O.S.E. | 158 min

A vida de Lydia Tár parece un soño feito realidade en todos os sentidos. É unha das directoras de orquestra máis famosas e vangardistas, dirixe a orquestra sinfónica alemá mentres agarda o lanzamento do seu novo libro.

Cando comeza a preparar o seu próximo concerto da célebre Sinfonía n.º 5 de Gustav Mahler, a súa vida comeza a virse abaixo en poucas semanas sen que ela poida facer nada para evitalo. Tár mergulla nos mecanismos de poder e o seu impacto na sociedade actual.

«Unha Cate Blanchett colosal para un filme brillante, intelixente, hipnótico e preciso»

Javier Zurro, EL DIARIO



O xenio de Blanchett e o moralismo de Field

Por Manu Yáñez

Nunha das primeiras escenas de *Tár*, a prestixiosa directora de orquestra á que dá vida Cate Blanchett confesa ante un auditorio cheo de devotos seguidores que “o *timing* é a chave do meu traballo”. A fulgurante estrela (ficticia) da música clásica, de nome Lydia Tár, refírese á relevancia que ten para ela, na súa profesión, o manexo do *tempo*. Porén, a frase ben podería servir para describir o talento descomunal da actriz australiana. E é que, en *Tár*, a protagonista de *Carol* (Todd Haynes, 2015) volve despreñar o seu primoroso dominio do ritmo en cada escena, cada xesto, cada inflexión da voz. A tendencia de Blanchett a construír os seus personaxes desde o control, desde a precisión milimétrica, vénlle como anel ao dedo á súa encarnación de Tár, que aparece ante o público como unha muller capaz de gobernar calquera situación, sexa actuando ante un auditorio público ou despregando o seu poder de persuasión nas súas relacións privadas.

Todd Field -quen escribe e dirixe o seu primeiro filme desde *Xogos secretos* (2006)- sabe sacar todo o partido do xenio de Blanchett e aproveita o magnetismo natural da actriz para despertar a fascinación do espectador. Resulta case inevitable namorar do férreo compromiso de Tár coa súa labor artística, que se presenta baixo unha poderosa aura de distinción e romanticismo. De feito, nalgunhas das longas escenas monologadas coas que se abre a longametraxe, este crítico sentiuse tentado a deixar de escoitar os diálogos do filme para unicamente contemplar a exhibición xestual, postural e case atlética da actriz. Porén, resulta crucial atender ao retrato que o filme realiza dun universo, o da música clásica, onde as férreas xerarquías dan pé aos abusos de poder. Baixo o feitizo de Blanchett, a altivez da súa personaxe -a súa tendencia a mirar a todo o mundo por enriba do ombro- pode ser percibida polo público como o resultado lóxico de posuír un talento abafante. Sen embargo, Field vese encargado de apuntar as inclinacións despóticas de Tár na súa relación coa súa parella (interpretada pola actriz alemá Nina Hoss), a súa asistente persoal, os seus colegas e os intérpretes da Orquestra Filharmónica de Berlín.

Para poñer en escena a súa punzante disección dun personaxe tan sedutor como sinistro, Field parece abrazar a frialdade que remite ao universo expresivo de Stanley Kubrick, a quen o director de *In the Bedroom* (2001) coñeceu de preto grazas ao seu traballo como actor en *Eyes Wide Shut* (Kubrick, 1999). Así, en *Tár* abundan os planos distanciados e os sinuosos movementos de cámara. Se levamos ao límite o subtexto do filme (a reflexión arredor da violencia interpersoal), *Tár* podería verse como unha versión amable dos feroces e tortuosos xogos de poder de *A pianista* (Michael Haneke, 2001).

Tár remata atrapada nun curioso choque de intereses. Por un lado, temos unha actriz, Blanchett, que o pon todo da súa parte para dotar de complexidade e humanidade a un personaxe afincado nun claroscuro existencial. Porén, por parte do director, Field, detéctase unha tendencia a observar a protagonista desde unha postura máis ben moralista, subliñando as súas fraquezas nun *in crescendo* que bordea o asañoamento. Luces e sombras dun filme que, durante os seus 158 minutos, cociña a lume lento unha ficción na que resoan algúns dos grandes debates do noso tempo.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Carol,
Todd Haynes.
Vertigo [DVD]

Eyes Wide Shut,
Stanley Kubrick.
Warner Bros [DVD]